



Nova executiva

Xa van cinco meses dende que a nova executiva do Partido Socialista eumés comezou a súa andadura, pero esta é a primeira ocasión na que nos diriximos aos veciños e veciñas de Pontevedra a través deste boletín.

“Xa non estamos no goberno, o noso papel é outro”

Sabemos que esta nova etapa que afrontamos é moi distinta. Xa non estamos no goberno, o noso papel é outro. Pero non pensamos que sexa negativo, ao contrario. A posición na que nos decidistes colocar os votantes vai servir para que o Partido Socialista se rexenere, reflexione sobre erros e acertos e arranque, como xa o está facendo, con novas gañas e ideas.

E diso temos dabondo. Ganas, ideas, propostas e iniciativa xa as está amosando o Grupo Municipal Socialista no concello, traballo que esta nova dirección do partido ten a responsabilidade de dar a coñecer a todos os eumeses e eumesas. Este é un dos obxectivos do boletín.

Fronte a esta ilusión renovada do Partido Socialista, atopamos a un Partido Popular en minoría, dividido, falta de ideas, que se presentou ás eleccións sen programa e que non ten obxectivos nin futuro. Un PP que agarda aos plenos municipais para escoitar o que di o PSdeG-PSOE e actuar ao rebufo, nunha

“O PP é unha mala imitación do que debería ser o goberno deste Concello” mala imitación do que debería ser o goberno deste Concello

Queda tempo, pero tamén moito traballo. No futuro de Pontevedra o partido socialista terá un papel destacado, na mesma medida en que o terá o pobo eumés, porque aspiramos a ser o partido que máis se pareza a Pontevedra. E este boletín forma parte dese novo xeito de pensar: queremos que coñezades as nosas propostas, o noso traballo, e que aportedes ideas e colaboredes con nós, en definitiva, que formedes parte do noso proxecto, que non é outro que o do futuro de Pontevedra

“El horizonte será siempre el de una mayor libertad e igualdad, y el de una mayor tolerancia para asegurar el respeto a las libres decisiones de cada cual”.

J.L. Rodríguez Zapatero

- Limiar
- Orzamentos'08
- Pobre Balance
- Quo vadis, COE?
- Negociación?
- Entrevista.

Análise dos orzamentos 2008

O orzamento para 2008 ascende a 7.713.410,82€ e foi aprobado definitivamente no Pleno do 17 de xaneiro pasado, tras un empate resolto co voto de calidade do Alcalde grazas á ausencia dun dos nosos Concelleiros que cesara en Decembro sen tempo legal á incorporación do seu substituto. A aprobación do orzamento é outro exemplo de falta de usos democráticos por parte do goberno do PP, celebrando unha única comisión informativa e o Pleno a mesma semana, entre festivos, e negando á oposición o documento completo para o seu análise e debate, feito que xa denunciámos no seu día.

"As grandes cifras do orzamento non están claras,.."

As grandes cifras do Orzamento debemos dicir que non están claras, e mesmo que están avultadas e infladas con intencionalidade. Incrementáanse os gastos en bens correntes en 500.000€, sen partidas que o xustificuen, e no capítulo de inversións observamos a escasa dotación para mercar terreos para aparcamento, Centro de día ou Galescola, para inversión nas parroquias, ou a total ausencia de previsión de gasto nas Escolas Unitarias. En canto aos ingresos, chama a atención a previsión de incremento da recadación por impostos directos nun 10,7%, e das taxas en 272.242,49€, cando anuncian aos catro ventos a conxelación de impostos e taxas. Os socialistas, pensamos, e así o denunciámos, que estamos ante un artificio contable para cadrar e lucir as contas e dar imaxe de que algo se move

"...falta de usos democráticos"



Mari Cascallar, Concelleira

Estes son, a grandes rasgos, os números. Outra cousa ben distinta e falar de POLÍTICAS DE GASTO que son as que definen as prioridades do goberno municipal: políticas sociais, culturais ou deportivas, políticas medioambientais, educativas, de seguridade e protección, políticas de apoio aos xoves e ao emprego... de todo isto só houbo un clamoroso silencio

Pobre balance

"... os socialistas tendémola man dende a oposición"



Nacho Filgueiras, Sº Xeral do PSdeG eumés

Cando se cumpre xa un ano dende as eleccións municipais, cun Goberno minoritario formado polos catro Concelleiros do PP, vemos con preocupación que os problemas que dende hai tempo sufrimos os eumeses non só non teñen visos de solución, senón que frústranse os proxectos iniciados, e non hai unha soa iniciativa de futuro que poida ilusionar aos que vivimos en Pontedeume

Neste tempo, e conscentes da fragilidade do goberno, os socialistas tendémola man dende a oposición buscando facilitar a tarefa do Goberno, aportando iniciativas e alternativas en positivo e afrontando problemas que foron asumidos por todos os que integramos a corporación

"... actitude prepotente e autoritaria"

Fronte a esta boa disposición, atopámonos con sorpresa cunha actitude prepotente e autoritaria, cando non despectiva, por parte de quen as asumiron a responsabilidade do noso futuro, obviando o diálogo, e estendendo o seu peculiar modus operandi aos propios traballadores do Concello, que durante o tempo que levan gobernando non só viron cuestionada a súa dedicación profesional, senón que, en moitos casos, foron e están sendo obxecto de persecución e ameazas polos membros do grupo de Goberno, cuxa intransixencia está a orixinar en Pontedeume un malestar e unha conflictividade sin precedentes na recente historia municipal.

Quo vadis, COE?

Preguntámonos que pensarán os máis de mil eumeses que votaron ao COE nas pasadas eleccións municipais, cando ven que o que foi obxecto da súa crítica máis despiadada na última lexislatura –as dedicacións exclusivas- converteu en fugaz o seu paso polo goberno municipal, e fixo voar ao propio grupo político, provocando a saída do partido do seu portavoz, xunto con outros destacados militantes

O curioso é que a causa de tal desencontro estivo na negativa dos dous concelleiros sobreviventes a que o seu cabeza de lista tivese dedicación exclusiva, permitindo sen embargo, cos seus votos no pleno, que tres dos catro Concelleiros que forman o actual grupo de Goberno dispoñan de salario municipal, pese a ter reiteradamente proclamado que o seu abandono do goberno estivo na súa oposición ás dedicacións exclusivas, o que non lles impide continuar a apoialo en tódalas votacións sen opoñer o máis mínimo reparo intelectual.

Ante tal exhibición de coherencia, sobran os comentarios.

Negociación?

Outro claro exemplo da animadversión hacia o diálogo e da ineficacia e incompetencia deste goberno é o conflito aberto cos sindicatos e traballadores a raíz da Oferta Pública de Emprego anunciada.

Manifestar en primeiro lugar que como partido sentímonos obrigados a recoñecer a nosa parte de responsabilidade no referente á precaria situación laboral de algúns empregados municipais, pero tamén é de xustiza dicir que o instrumento fundamental para dar solución a este problema foi aportado polo goberno anterior e máis os sindicatos, negociando e aprobando a RPT.

A situación de conflito actual xurde pola negativa do alcalde, Gabriel Torrente, a constituir a Mesa Xeral de Negociación, incumprindo así os artigos 36 e 37 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que obrigan á convocatoria da mesa para negociar entre a administración e os representantes dos traballadores todo o relacionado coa oferta de emprego. Esta actitude antidemocrática do goberno só pode traer problemas. Dende a posibilidade, anunciada xa, dunha folga de personal ata a nulidade do proceso por non axustarse á lei, o que conlevaría a súa repetición, agravando a aquelas persoas que obtivesen a praza nesta convocatoria.

O problema non son os procedementos de selección: oposición libre, concurso-oposición ou concurso, precisamente este é un dos temas a ser tratado e debatido polas partes na mesa xeral de negociación; aínda que somos partidarios do concurso-oposición, xa que ó noso parecer é inxusto non ter en conta a experiencia, o tempo traballado,... Recordar tamén que este sistema é o utilizado no 90% das administracións.

Por todo o exposto anteriormente exisimos ó grupo de goberno que mude a súa actitude é se decida polo diálogo, un dos piares sobre os que se asenta a democracia.

“¿qué pensarán os eumeses que votaron ao C.O.E.?...”



Agustín Vilariño, Voceiro socialista

...permitindo, cos seus voto que dispoñan de salario municipal...



Víctor Pelaz, Xuventudes socialistas

“Esta actitude antidemocrática do Goberno só pode traer problemas”



Bernardo Fernández, Concelleiro

“é inxusto non ter en conta a experiencia”

ENTREVISTA

Tras as últimas eleccións municipais os socialistas eumeses contamos con tres concelleiros. Dous deles, **Mari Cascallar Pita** e **Bernardo Fernández Piñeiro** sen experiencia política previa. Nas seguintes liñas contámonos as súas motivacións e inquietudes.

Por qué motivo decide entrar en política?



M.C.: Porque é unha opción persoal de vida, ver a sociedade pasar por diante ou implicarse para melloralas. Son crítica e construtiva para tentar amañalas cousas dende dentro.

B.F.: Porque me permite traballar pola mellora do entorno e da calidade de vida de todos os que temos a sorte de vivir en Pontedeume.

E por qué no PSOE?

M.C.: Son de esquerdas, e creo que o PSOE é o que máis pode defender aos cidadáns e mellor pode conquistar un estado de benestar.

B.F.: É o partido co que me identifico ideoloxicamente. Ao meu parecer, o máis cercano á cidadanía.

Valoración do primeiro ano do PP.

M.C.: Veño do mundo educativo, do mundo sindical, pero non teño experiencia de xestión no eido municipal. A partir das eleccións e adquirindo eu as responsabilidades de educación e servizos sociais na Oposición, o primeiro que fixen foi ter unha conversa coa Concelleira de Educación e Servizos Sociais para ofrecer a miña experiencia en educación nestes 20 anos en Pontedeume que non só che da unha visión da educación senón da sociedade e das familias de Pontedeume. Desta conversa non saín moi desgustada pero ao pouco tempo xa me din conta que o diálogo non era o forte deste Goberno, nin do Goberno en xeral nin da Concelleira en particular, véxoa perdida no eido educativo e desconfiada no social. Non ten o talante para falar cos demais nin o talento para facer nada significativo na súa Concellería.

B.F.: O PP, lonxe de dar solución aos problemas existentes cando chegou ao goberno, dedicouse a xerar novos conflitos. O desprezo hacia o diálogo, unha actitude prepotente e totalitaria, xunto coa súa incompetencia e nula experiencia están a ser nefastos para a nosa vila: perden subvencións xa comprometidas, manteñen enfrontamentos con outras administracións,...

Por outra banda, deberían explicar a tódolos eumeses por qué din non poder contratar máis persoal para o servizo de limpeza por culpa da RPT, e sin embargo rexeitan o ofrecimento dos partidos da oposición e mais os sindicatos para a modificación da mesma, o que permitiría o aumento do persoal adicado a este servizo e polo tanto, a tan necesaria mellora do mesmo; ou por qué se inclúen no presuposto obras innecesarias para pagar favores políticos ós membros do COE mentres o gasto adicado ás parroquias é o máis baixo dos últimos anos.



Retos de futuro dende o Grupo Municipal socialista

M.C.: Cara aos tres anos que quedan considérome unha muller positiva. Espero que entre o Goberno e a oposición se poda lograr que Pontedeume mellore. Iso vai depender máis deles que son o Goberno pero nós somos maioría e algo teremos que dicir. Levamos un ano anacrónico con todo parado ou indo a peor. Un pacto que se rompeu e inestabilidade no Goberno. Espero que neste primeiro ano se deran conta de que eles 4 non poden Gobernar. Que deixen de ir a remolque das nosas iniciativas e que propoñan outras que poidamos consensuar. Este ano foi o Goberno detrás do Oposición e non a Oposición detrás do Goberno.

Defina nunha frase a vosa situación no concello

B.F.: Preocupado, ilusionado e comprometido. Preocupado pola xestión do Goberno, Ilusionado nesta nova etapa do PSOE, e comprometido cos veciños e coa nosa Vila.